



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C23-15

Page 1 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (CANON) DO SERVIZO DE BAR- CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU

INDICE

- I.1. OBXECTO DO CONTRATO, ÁMBITO FÍSICO E DESCRIPCIÓN DO LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA
- I.2. OBRAS E INSTALACIÓNS QUE, NO SEU CASO, HOUBERA DE REALIZAR O ADXUDICATARIO
- I.3. MESAS E CADEIRAS E OUTRAS INSTALACIÓNS FÓRA DO LOCAL PERTENCENTES AO CONCELLO DE BUEU.
- I.4. CADRO DE PERSOAL.
- I.5. OBRIGACIÓNS RELATIVAS AO PERSOAL



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 2 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON UN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (CANON) DO SERVIZO DE BAR- CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU

I.1. OBXECTO DO CONTRATO E ÁMBITO FÍSICO E DESCRIPCIÓN DO LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA

O contrato administrativo especial ten por obxecto o establecido na cláusula 1ª dos PCAP co ámbito físico e características do local detalladas no clausulado do citado prego e no seus anexos.

O horario de apertura do bar-cafetería será o establecido polo concello con estricto cumprimento do horario establecido pola Dirección xeral de emerxencias e interior da Consellería de Xustiza, Interior e Administración local da Xunta de Galicia (actualmente, en base ao establecido na orde de 16.6.2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade autónoma de Galicia) e demais disposicións que se diten ao longo da duración do contrato administrativo especial de referencia e que resulten de aplicación, tendo, en todo caso, este carácter de MÁXIMO. En todo caso, os servizos terán que prestarse de forma ininterrompida tódolos días e horas en que o CSM estea aberto ó público. O horario podería variarse previa autorización municipal atendendo á solicitude fundada do adxudicatario para mellorar a prestación dos servizos e se a xornada laboral do persoal sufrira modificacións, ó obxecto de acomodar o servizo a esta, non outorgará dereito a contraprestación a favor do adxudicatario

Os servizos que se deben prestar con carácter obrigatorio son os propios de cafés e bares con comida que autoriza aos citados establecementos, sempre que non presten o servizo de restaurante e usen as mesmas mesas empregadas na prestación do servizo de café-bar, a servir comidas, entendidas estas como unha prolongación natural do servizo de café-bar, sen que, en ningún caso poidan considerarse que tales establecementos estean facultados para prestar o servizo de restaurante e que abrangue a prestación dos seguintes servizos e a venda dos seguintes produtos:

- Servizo de cafetería e bebidas frías e quentes
- Servizo de comidas (non restaurante) (mínimo bocadillos fríos e quentes)

I.2. OBRAS E INSTALACIÓNS QUE, NO SEU CASO, HOUBERA DE REALIZAR O ADXUDICATARIO

O adxudicatario non debe realizar na parte do inmovible obxecto do contrato administrativo ningún tipo de obra nin instalación, debendo empregar para o exercicio da súa actividade as obras que están actualmente construídas e as instalacións en servizo. Isto sen prexuízo da súa obriga de conservación e mantemento e da realización das pequenas obras de reparación que fosen necesarias polo desgaste producido polo uso, que deberá efectualas á súa costa segundo se sinala nos presentes pregos, logo de autorización do concello de Bueu.

Non obstante, de pretender o adxudicatario a execución de obras ou instalacións de maior entidade sobre as xa existentes, deberá de contar con autorización do órgano de contratación, independentemente das restantes licenzas ou autorizacións, municipais ou non, que procedesen.

O concello comprobará a idoneidade das reformas pretendidas, a súa conformidade co carácter do establecemento e a medida en que o melloran. En todo caso, autorizadas as melloras pasarán a titularidade do concello á finalización ou resolución do contrato.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 3 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

De executarse sen autorización municipal, o concello poderá optar pola súa autorización posterior, pasando a integrar os bens obxecto de reversión; ou pola súa demolición ou retirada, repoñendo o estado das cousas ao momento previo á súa execución non consentida, reposición que será executada polo contratista directamente ou, no seu defecto, polo concello de Bueu subsidiariamente e á súa costa.

En ningún caso autorizaranse obras de mellora que poidan alterar a configuración arquitectónica do inmovible ou afectaran aos seus elementos estruturais.

Isto enténdese sen prexuízo de que o contratista debe aportar os equipamentos, aparellos, mobiliario e material preciso para prestar o servizo de bar-cafetería, segundo se especifica nos presentes pregos

I.3. MESAS E CADEIRAS E OUTRAS INSTALACIÓNS FÓRA DO LOCAL PERTENCENTES AO CONCELLO DE BUEU.

O contratista poderá colocar mesas e cadeiras así como instalacións fóra do ámbito da superficie obxecto deste contrato.

Sen prexuízo doutros posibles requisitos esixibles pola normativa vixente, para a realización desta posibilidade será necesario:

- a) Solicitude previa polo contratista e autorización expresa do concello de Bueu.
- b) Debe satisfacer, no seu caso, as taxas por ocupación de dominio público nos termos fixados pola ordenanza fiscal correspondente así como os prezos públicos que correspondan.
- c) A superficie máxima a ocupar determinarase polo concello de Bueu tras os oportunos informes técnicos.

I.4. CADRO DE PERSOAL.

O adxudicatario deberá contar, como mínimo, cun cadro de persoal adscrito a prestación dos servizos de bar-cafetería que sexa necesaria e suficiente para a prestación dos servizos respectando o disposto pola normativa vixente.

Antes da iniciación da prestación o adxudicatario deberá remitir ao concello unha relación detallada, por el asinada, do seu cadro de persoal adscrito, na que se incluírá:

1. A identificación de cada traballador, polo seu nome e apelidos e NIF, ou documento substitutivo.
2. A dedicación de cada un, con especificación do horario de traballo.
3. Categoría coa que está contratado e funcións encomendadas.
4. Especificación do convenio laboral de aplicación e cadro de custos previstos por cada un e por tódolos conceptos (salarios, cotizacións seguridade social, etc.).

Á relación acompañaranse copias compulsadas dos contratos de traballo e xustificantes da alta na Seguridade Social por cada traballador.

Calquera posible variación, incremento ou diminución do persoal contratado deberá comunicarse con carácter previo ao concello. En todo caso, o aumento do cadro de persoal, salvo que se trate de substituír traballadores por licenzas, permisos ou baixas, sancións disciplinarias ou causas análogas, mentres duren estas ausencias, require que se proceda a súa motivación, así como autorización expresa do concello.

Remítanse os datos e documentación antes exposta respecto de calquera novo traballador, incluídos os contratados con carácter temporal e antes de que comecen o seu traballo.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 4 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Tratándose de interinidades especificarase, ademais, o nome das persoas que substitúen e o horario do substituído.

Isto enténdese, sen prexuízo de que o concello requira calquera dato que estime oportuno, que lle será facilitado de acordo co sinalado no réxime xeral de dereitos e obrigas das partes que figura no PCAP.

I.5. OBRIGACIÓNS RELATIVAS AO PERSOAL

As baixas, permisos e licenzas do persoal adscrito aos servizos de bar-cafetería, que por calquera motivo ou circunstancia se teña que cubrir por outro persoal, correrán exclusivamente a cargo do contratista, de maneira que, en cada momento da prestación do servizo non puidera quedar reducida a dotación de persoal do contrato mínima establecida nestes pregos ou mellorada polo adxudicatario.

En canto ao período de vacacións, disfrutaranos cando libremente o pacte co contratista, pero sempre garantindo a existencia dun persoal mínimo, que garanta a correcta prestación dos servizos de cafetería e restaurante.

A non presentación ou permanencia no lugar de traballo dun traballador adscrito directamente aos servizos, haberá de ser cuberta por persoal suplente.

O contratista, na súa condición de empresario, será o único responsable do persoal adscrito aos servizos obxecto do contrato do cumprimento da lexislación que regula as relacións laborais, a Seguridade Social e a prevención de riscos laborais, e fiscais.

O concello de Bueu non terá relación xurídica nin laboral co persoal pertencente a empresa contratista durante a vixencia do contrato nin a súa terminación, debendo o contratista facer constar nos contratos de traballo que subscriba expresamente esta circunstancia para todos os traballadores.

Ao abeiro das facultades de fiscalización que competen ao concello o contratista deberá de dar cumprimento ás seguintes obrigacións:

1. Deberá comunicar ao concello tódolos convenios colectivos que poda concluír a propia empresa contratista, así como a aprobación ou modificacións dos de ámbito superior que lles afecten. O prazo para isto será de 15 días logo da súa súa sinatura, no primeiro caso, e da súa publicación, nos segundos.
2. Entregará no concello, con carácter mensual e dentro do mes seguinte, copia dos documentos acreditativos do pagamento das cuotas á Seguridade Social por tódolos traballadores (TC1 e TC2), así como declaración xurada do propio contratista o do seu representante de encontrarse ao día no pago das retribucións devengadas polo persoal ao seu servizo.
3. Entregar ao concello semestralmente as certificacións administrativas acreditativas de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias (coa Facenda estatal) e da Seguridade Social, nos mesmos prazos que os establecidos para o pagamento do canon segundo estes pregos.
4. Entregar ao concello, anualmente e no prazo dos 15 días posteriores á súa renovación, xustificación da renovación das pólizas de seguros obrigadas segundo os presentes pregos.

Independentemente do exposto o concello poderá solicitar en calquera momento a acreditación dos extremos expostos, ou mesmo solicitar el mesmo as certificacións sinaladas



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 5 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas de prescripcóns técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

partindo da autorización aportada segundo a declaración responsable pola que solicita concorrer no procedemento aberto de contratación.

En todo caso, o contratista responderá da calidade técnica dos servizos prestados, e da aptitude e actitude do seu persoal, así como das consecuencias ou responsabilidades que se deduzan, para a Administración contratante ou para terceiros, da incorrecta execución do contrato.

Se o adxudicatario fose unha cooperativa, sociedade laboral, civil, ou análoga, onde os traballadores ou integrantes da mesma cotizasen en réxime de autónomos, de acordo coa normativa laboral e social, seralle de aplicación todo o disposto neste artigo e no anterior, salvo que sexa absolutamente incompatible con este tipo de réxime. O tc1 e tc2, que se pide mensualmente, substituirase polo tc1 básico ou documento xustificativo de ingreso da cuota da seguridade social. Dito xustificante presentarase en idéntico prazo que os fixados neste prego para o TC1 e TC2.

Será obrigación do contratista uniformar, no seu caso e pola súa conta a todo o persoal ao seu servizo co vestiario adecuado durante as horas nas que desenvolvan o seu traballo.

Faise constar, aos efectos que procedan, que ata o momento de elaboración destes pregos este servizo viña sendo prestado por unha empresa contratada ao efecto.